CONCELLO DE VIGO

Expediente 41054/220

# PROCESO SELECTIVO DE OFICIAL SEPULTUREIRO (2 PRAZAS POR QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE Á OEP 2017-2018-2019 DO CONCELLO DE VIGO (3ª FASE)

## REALIZACION TERCEIRO EXERCICIO SOBRE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA E RESULTADO FINAL

| APELIDOS E NOME | TOTAL<br>PROBA LINGUA GALEGA |
|---|---|
| ALONSO VILLAR, T | 2 PTOS |
| AMOR VILLAR, E. | 2 PTOS |
| CARRERA FERREIRA, JA | 2 PTOS |
| COIDO RICO, J. | 1,6 PTOS |
| COMIS GZALEZ, E. | 2 PTOS |
| COSTAS VILLAR, A. | 2 PTOS |
| DASILVA RIVAS, M. | 1,5 PTOS |
| IGLESIAS PEIXOTO, JM | 2 PTOS |
| JORGE LÓPEZ, M. | 2 PTOS |
| LAGO GUERRA, JM | 2 PTOS |

Xúntase ao presente anuncio o exercicio realizado e a plantilla de resultado.

Outórgase un prazo de tres (3) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación deste anuncio para que, de ser o caso, poidan presentarse reclamacións en relación coa puntuación asignada.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A secretaria do órgano de selección.- Elena Ares Salgado

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 19/12/2023 14:27:30

Documento asinado

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 19/12/2023 14:27:30

Documento asinado

Proba de coñecemento da lingua galega para a provisión da praza de oficial sepultureiro no Concello de Vigo segundo a OPE 2017-2018-2019

Lea atentamente os enunciados e responda ao que se lle pregunta. A cada pregunta só lle corresponde unha resposta correcta.
Este exercicio consta de 20 preguntas. Cada pregunta contestada correctamente suma 0,1 puntos para poder acadar un máximo de 2 puntos na puntuación final.

1. Sinceramente, ______________ que veñan Lois e Fernanda __________ a voda dos seus amigos.
   a) gustaríame / por
   b) non creo en / para
   c) creo / canda
   **d) non creo / para**

2. - E que lle pareceu a Xan o agasallo que che fixen?
   - Pois a verdade é que ______________ .
   **a) aínda non llo mostrei**
   b) xa llo dixen
   c) non cho mostrara
   d) non llelo mostrei

3. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
   a) Anxo viaxa con moita equipaxe.
   b) María ten o armario cheo de traxes marelos.
   c) A Antón gústalle a arte moderna.
   **d) Denís ten unha garaxe moi grande.**

4. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
   **a) Andrea ten o costume de chegar tarde porque é moi preguiceira polas mañás.**
   b) Andrea ten a costume de chegar tarde porque e moi preguiceira por as mañás.
   c) Andrea ten a costume de chegar tarde por que é moi preguiceira polas mañáns.
   d) Andrea ten o costume de chegar tarde porque e moi preguiceira polas mañáns.

5. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
   **a) Déixoche o coche se fasme este traballo.**
   b) Nunca o vin por esta zona.
   c) Xamais che dirá a verdade.
   d) Seica lle deron un premio de poesía.

6. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
   a) Esta ordeanza regula a señalización e o balizamento na vía publica.
   b) Esta ordenanza regula a señalización e o balizamiento na vía publica.
   **c) Esta ordenanza regula a sinalización e o balizamento na vía pública.**
   d) Esta ordeanza regula a sinalización e o balizamiento na vía pública.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 19/12/2023 14:27:30

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/12/2023 14:29 | Páxina 3 de 6 |
|---|---|---|
| 41050-220 | CSV: A2A83A-E6E4C9-EA24E7-8YYQLN-HTVRJ9-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

7. Sinale cal destes enunciado é o incorrecto:
   a) Quen che dixo esa barbaridade?
   **b) Cándo lle daremos o regalo?**
   c) Canto me alegro por ti!
   d) Como o queres?

8. - Estes cadros ________________ por un artista anónimo.
   a) se fixeron
   b) foi pintado
   **c) foron pintados**
   d) realizáronse

9. - Resulta que onte pola noite _________ e _____________ para saír.
   **a) me chamou / quedamos**
   b) chamoume /quedemos
   c) me chamase / quedemos
   d) chamarame / quedasemos

10. - Soubeches ________________ novo xefe de obras?
   - Pois, si. ________________ volve ao seu anterior traballo, non?
   a) co / Creo que
   b) o do / Non creo que
   c) **o do / Parece que**
   d) do / É probable que

11. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
   **a) O vinte e un de xuño comeza o verán.**
   b) O vinte e un de xunio comeza o vran.
   c) O vinteún de xunio comeza o verán.
   d) O vinteun de xuño comeza o vran.

12. Sinale cal destes enunciados é incorrecto:
   a) O director do proxecto será entrevistado esta semana.
   b) Estas mazás foron apañadas pola miña nai.
   c) A estrada foi inaugurada polo novo presidente.
   **d) Todos os enunciados son correctos.**

13. *Por debaixo da autoestrada hai un túnel cun carril de sentido único.* Se queremos escribir este enunciado en plural, cal destas opcións é a correcta?
   a) Por debaixo das autoestradas hai un túneis cuns carriles de sentido único.
   b) Por debaixo das autoestradas hai un tuneis con uns carrís de sentido único.
   c) Por debaixo das autoestradas hai un tuneles cun carriles de sentido único.
   **d) Por debaixo das autoestradas hai uns túneles cuns carrís de sentido único.**

14. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
   a) Síntoo, pero non me agrada a túa curmá.
   **b) Non aturo madrugar os fins de semá.**
   c) Encántame pasear polo campo.
   d) Estou farta de que non me fagas caso!

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 19/12/2023 14:27:30

Documento asinado

15. Sinale cal destes enunciados é o incorrecto:
   a) Supoño que é unha vantaxe.
   b) Talvez non o saiba.
   **c) Ao millor quere o mesmo que ti.**
   d) Quizais non sexa consciente do que fixo.

16. Penso que ______________ menos gabias no medio da estrada.
   **a) debería haber**
   b) fixeran
   c) habería
   d) farían

17. Sinale cal destes enunciados é o correcto:
   a) - Sabes que casa André? – Non dixéramo ningúen.
   b) - Sabes que casa André? – Non, non mo dixera algúen.
   c) - **Sabes que casa André? - Non, non mo dixera ninguén.**
   d) As opcións a e c son correctas.

18. - Que ben organizada estaba a exposición de bicicletas antigas! Ían todas as nenas e nenos con ______________ cámara fotográfica.
   a) cadansúas
   b) cadanseus
   c) **cadansúa**
   d) cadaquén as

19 – Teño unha morea de libros na casa e ademais ocúpanme moito espazo.
   - _________ poñería un anuncio no portal do edificio ______________ .
   a) Pois eu / ofrecendos
   b) **Eu de ti / ofrecéndoos**
   c) Recoméndoche que / ofrecéndoos
   d) Eu, no teu lugar / ofrecendos

20. Sinale cal destes enunciados é o correcto.
   a) Déronlle o traballo pola súa experiencia neste sector.
   b) O outro día multáronme por estacionar en dobre fila.
   c) Debido ás fortes chuvias, a organización suspendeu o partido.
   **d) Todos os enunciados son correctos.**

Preguntas de reserva:

1. Sinala cal destes enunciados é o correcto:
   **a) Tiñas tanta présa que esqueciches dous paquetes fóra.**
   b) Tiñas tanta presa que esqueceches dous paquetes fóra.
   c) Tiñas tanta prisa que esqueceches dous paquetes fora.
   d) Tiñas tanta présa que esqueciches dous paquetes fora.

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 19/12/2023 14:27:30

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 19/12/2023 14:29 | Páxina 5 de 6 |
| --- | --- | --- |
| 41050-220 | CSV: A2A83A-E6E4C9-EA24E7-8YYQLN-HTVRJ9-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

2. Cal das seguintes opcións non é unha ferramenta de man?
   a) trolla
   b) legón
   c) paleta
   **d) estada**

3 - Agora non, pero _________ pola tarde, se _________ .
   **a) Fareillos / lle vale**
   b) Faríallos / quereo
   c) Fíxellos / puidera
   d) Fágollos / chegue cedo

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA - ( ELENA ARES SALGADO ) 19/12/2023 14:27:30

Documento asinado